No exercicio 2020 recoñeceuase contra patrimonio neto (reservas) o importe da débeda tributaria correspondente as declaracións complementarias relativas ao Imposto sobre o Valor Engadido do exercicio 2019 que foron presentadas no mes de xaneiro do 2021. O importe do IVE soportado non deducible por un total de 47.436,66 euros, liquidado nas mesmas, considerouse como gasto deducible no exercicio 2020 mediante o recoñecemento dunha diferenza permanente no imposto.

A 31 de decembro do 2020 recollese no activo do balance unha diferenza temporaria deducible por importe de 185,11 euros, derivada da dotación de perdas por deterioro orixinadas polo risco de crédito, que non se consideraron fiscalmente deducibles ao existir un acordo de aprazamento de pago co debedor (ver detalle en Nota 2.3 e Nota 6 desta memoria). A 31 de decembro do 2021 revértese a devandita diferenza ao aplicarse a provisión.

Ao peche do exercicio 2021 e 2020 figuran rexistrados pasivos por diferenzas temporarias impositibles derivados da concesión de subvencións de capital por importe de 1,91 euros e 5,18 euros respectivamente.

A 31 de decembro do 2021 e do 2020 figuran rexistrados, por importe de 649,10 euros e 1.259,65 euros respectivamente, créditos por bases impositibles negativas pendentes de compensar.

Conforme ao establecido no artigo 26 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Impostos sobre Sociedades, para os períodos que se inicien a partir de 1 de xaneiro de 2015 modifícase o prazo de compensación das bases impositibles negativas, as cales poderán ser compensadas coas rendas positivas dos períodos impositivos seguintes, sen limitación temporal, pero co límite do 60 por cento

da base imponible previa á aplicación da reserva de capitalización establecida no artigo 25 da mencionada lei e á súa compensación.

De acordo co citado artigo, a antigüidade dos créditos, por bases impositivas negativas pendentes de compensar ao final dos exercicios 2021 e 2020, serían os seguintes:

A 31/12/2021:

Ano xeración do crédito	Crédito por imposto	Bases Impositivas negativas
2018	649,10	259.638,89
<b>TOTALES</b>	<b>649,10</b>	<b>259.638,89</b>

A 31/12/2020:

Ano xeración do crédito	Crédito por imposto	Bases Impositivas negativas
2017	182,33	72.933,51
2018	1.077,32	430.926,66
<b>TOTALES</b>	<b>1.259,65</b>	<b>503.860,17</b>

De acordo co establecido no artigo 34 de la Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, a entidade pode practicar unha bonificación do 99 por cen da parte de cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas da prestación dos servizos comprendidos no apartado 2 do artigo 25 e no apartado 1, letras a), b) e c) do artigo 36 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, de competencias das entidades locais territoriais, municipais e provinciais, ao tratarse dunha empresa de capital integramente municipal.

No exercicio 2021 e 2020, non é de aplicación a limitación á deducibilidade dos gastos financeiros introducida polo Real Decreto-Lei 12/2012, de 30 de marzo que modifica o Art. 20 do TRLIS, ao non cumprirse os requisitos obxectivos establecidos en dita norma e que limitan a súa deducibilidade.

O día 27 de febreiro do 2020, a sociedade recibiu comunicación de inicio de actuacións inspectoras con carácter parcial relativas ao Imposto sobre Sociedades dos anos 2017 e 2018.

Con data 4 de xuño de 2020 se firmaron Actas de Conformidade e con data 23 de xuño de 2020 se recibiu Acordo de Liquidación por parte da Dependencia Rexional de Inspección, no que non se practica regularización algunha.

## 9.2 IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO.

*-En relación co exercicio 2015*

Con data 15 de xuño de 2016 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela, iniciou actuacións de comprobación limitada, en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2015, períodos 1T, 2T, 3T y 4T.



Tras presentar a documentación solicitada en sucesivos requirimentos, o 17 de outubro de 2016 a Sociedade recibiu notificación de proposta de resolución e trámite de alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a devolución solicitada no exercicio por importe de 238.031,99 euros e que arroxaba un importe a ingresar de 157.861,10 euros. A Sociedade, por non estar conforme coa citada resolución, presenta o 31 de outubro de 2016 alegacións á mesma.

O 21 de novembro de 2016, a Sociedade recibiu unha nova notificación de proposta de resolución e trámite de alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a devolución solicitada no exercicio por importe de 238.031,99 euros e que arroxaba un importe para ingresar de 181.610,41 euros. A Sociedade, por non estar conforme coa citada proposta de resolución, presentou o 7 de decembro de 2016 alegacións á mesma e rexistrou contablemente ao 31 de decembro, conforme aos criterios de deducibilidade que mantén segundo a súa interpretación da aplicación da lexislación vixente, unha provisión para impostos por importe de 49.550,37 euros.

Con data 5 de maio de 2017 foi notificada á entidade declaración de caducidade do procedemento de comprobación limitada iniciado en data 15 de xuño de 2016, dado que desde o inicio das citadas actuacións xa transcorrera o prazo máximo de resolución de seis meses establecido no artigo 104 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedendo ao arquivo das actuacións, e ao inicio previo dun novo procedemento de xestión tributaria de comprobación limitada con notificación de proposta de liquidación provisional e trámite de alegacións. Esta nova proposta minora o IVE soportado deducible no exercicio 2015 en 401.792,40 euros, e recolle un importe a ingresar de 181.610,41 euros.

Con data 22 de maio de 2017 presentáronse alegacións á proposta de liquidación provisional e o 30 de agosto de 2017 recibíuse notificación de resolución con liquidación provisional minorando o IVE soportado deducible no exercicio 2015 por importe de 401.792,40 euros, e que arroxaba un importe a ingresar de 181.610,41 euros.

En relación á citada Resolución con práctica de liquidación, presentouse, con data 20 de setembro de 2017, reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e proposición de probas, ante o TEAR de Galicia. Seguidamente, o 4 de outubro de 2017, presentouse solicitude de suspensión de pago da débeda notificada mediante a achega de avais por un importe total de 189.585,91 euros correspondentes ao importe da débeda para ingresar máis os xuros de demora devengados á data de liquidación, da que se recibiu o 21 de novembro de 2017 comunicación de suspensión automática conforme ao artigo 43 do Regulamento Xeral de Revisión en Vía Administrativa (RGRVA). O 26 de decembro de 2017 recibíuse do TEAR de Galicia acordo de acumulación dos expedientes relativos a todos os trimestres do exercicio 2015, e o 26 de febreiro de 2018 a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con fecha 26 de marzo de 2018.

Tamén en relación coa citada proposta, o 19 de setembro de 2017 recibíuse acordo de iniciación e comunicación do trámite de audiencia dos expedientes sancionadores por un importe de 90.805,20 euros, ao que se presentaron alegacións o 9 de outubro de 2017. Ditas alegacións non foron estimadas, recibíndose notificación de acordo de imposición de sanción por infracción tributaria o 23 de febreiro de 2018 á que a Sociedade, por non estar conforme, presentou unha reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia (TEAR) con data 20 de marzo do 2018. O 2 de outubro de 2018 recibíuse a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 31 de outubro do 2018. O 19 de novembro do 2018 recibíuse do TEAR de Galicia acordo de acumulación dos expedientes das sancións conxuntamente coa reclamación principal.



A 31 de decembro de 2021 a Sociedade ten rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 444.081,08 euros, correspondentes 401.792,40 euros polo importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2015 e 42.288,68 euros de xuros de demora devengados ata o 31 de decembro de 2021.

*-En relación co exercicio 2016*

Con data 15 de novembro de 2017 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela remitiu á Sociedade requirimento de documentación en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2016, períodos 1T, 2T, 3T e 4T, e o 29 de novembro de 2017 presentouse escrito achegando a documentación solicitada.

O 30 de abril do 2018 a Sociedade recibiu Notificación da Proposta de Resolución e Tramite de Alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a compensación solicitada no exercicio por importe de 149.825,68 euros e que arroxaba un importe a ingresar de 123.804,45 euros. A Sociedade por non estar conforme coa citada resolución, presentou o 14 de maio de 2018 alegacións a mesma.

Durante o exercicio 2016 a Sociedade mantivo os mesmos criterios de deducibilidade do IVE soportado que defendeu ante a Administración no exercicio 2015, presentando as correspondentes declaracións complementarias para axustar o IVE soportado non deducible en aplicación da súa interpretación do artigo 7.8º da Lei do IVE.

Con data 11 de outubro de 2018 a entidade recibiu notificación da declaración de caducidade do procedemento de comprobación limitada iniciada en data 15 de novembro de 2017, dado que desde o inicio das citadas actuacións xa transcorrera o prazo máximo de resolución de seis meses establecido no artigo 104 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedendo ao arquivo das actuacións. Con data 25 de outubro de 2018 recibíuse nova notificación de proposta de liquidación provisional e trámite de alegacións correspondente ao exercicio 2016, períodos 1T, 2T, 3T e 4T. Esta nova proposta, emitiuse nos mesmos termos que a anterior.

Con data 6 de novembro do 2018 presentáronse alegacións á proposta de liquidación provisional e os días 10 e 13 de decembro de 2018 recibíronse notificacións de resolución con liquidación provisional minorando o IVA soportado deducible dos períodos 1T, 2T, 3T e 4T do exercicio 2016 por importe de 291.480,13 euros, e arroxando un importe a ingresar de 123.804,45 euros.

En relación a citada Resolución con práctica de liquidación, presentouse con data 10 de xaneiro de 2019, reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e proposición de probas, ante o TEAR de Galicia, realizándose o pago da débeda notificada por un importe total de 123.804,45 euros, máis os xuros de demora devengados á data de liquidación, dentro do prazo correspondente. O 8 de maio de 2019 se recibiu do TEAR de Galicia acordo de acumulación do expediente do exercicio 2016 ao do exercicio 2015, e os días 11, 12 e 13 de setembro do 2019 a posta de manifesto dos expedientes do 4º, 3º e 2º trimestre do exercicio 2016 e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 9 de outubro do 2019.

Tamén en relación coa citada proposta, o 14 de decembro de 2018 recibíuse acordo de iniciación e comunicación do trámite de audiencia do expediente sancionador por un importe de 61.922,22 euros, ao que se presentaron alegacións o 7 de xaneiro do 2019. Ditas alegacións non foron estimadas, recibíndose notificación do acordo de imposición de sanción por infracción tributaria o 15 de marzo de 2019 á que a Sociedade, por non estar conforme, presentou reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e



proposición de probas, ante o TEAR de Galicia (TEAR) con data 25 de marzo de 2019. O 4 de setembro de 2019 se recibiu a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 3 de outubro de 2019.

O 31 de decembro do 2021, a Sociedade ten rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 298.627,44 euros correspondente a 291.480,13 euros por importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2016 e 7.147,31 euros de xuros de demora devengados ata o 31 de decembro de 2021.

*-En relación co exercicio 2017*

Durante o exercicio 2017 a Sociedade mantivo os mesmos criterios de deducibilidade do IVE soportado que aplicou no exercicio 2016.

O día 9 de maio do 2018, a sociedade recibiu comunicación de inicio de actuacións inspectoras con carácter parcial relativas ao Imposto sobre o Valor Engadido do ano 2017.

Posteriormente, mediante comunicación notificada ao obrigado tributario en data 14 de xuño do 2018, as actuacións anteriores ampliáanse e pasan a ter alcance xeral conforme ao establecido no artigo. 148 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 178 del R.X.A.T.

Con data 28 de novembro de 2018 incoouse Acta de Desconformidade relativa ao Imposto sobre o Valor Engadido-exercicio 2017 períodos 1T, 2T, 3T e 4T, practicando as liquidacións correspondentes por importe total de 72.308,25 euros.

A Sociedade formulou alegacións a esta Acta con data 18 de decembro de 2018 que foron desestimadas recibindo Acordo de Liquidación con data 16 de xaneiro de 2019 no que se minora o IVE soportado deducible dos períodos 1T, 2T, 3T e 4T do exercicio 2017 por importe de 272.039,32 euros, e que arroxa un importe a ingresar de 68.895,75 euros mais os xuros de demora correspondentes. En dito Acordo a Administración Tributaria considera que non existen indicios da comisión de infraccións tributarias tipificadas no artigo 183 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT), toda vez que, de conformidade no disposto no artigo 179.2.d) LXT, se puxo a necesaria dilixencia no cumprimento da obrigaón tributaria, actuando o obrigado amparándose nunha interpretación razoable da norma.

En relación á citada Acta presentouse, con data 12 de febreiro do 2019, reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e proposición de probas, ante o TEAR de Galicia, realizándose o pago da débeda notificada mais os xuros de demora devengados á data de liquidación, por un importe total de 72.485,22 euros, o 20 de febreiro de 2019. O 10 de xuño do 2019 recibíuse do TEAR de Galicia a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 10 de xullo do 2019.

A 31 de decembro de 2021, en relación con estas actuacións inspectoras, a Sociedade ten rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 275.628,79 euros correspondente a 272.039,32 euros por importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2017 e 3.589,47 euros de xuros de demora.

En relación con todo o exposto con anterioridade, con data 9 de xuño de 2020 foi notificada a Resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia, en relación coas reclamacións presentadas contra os acordos ditados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria nos que se practican liquidacións provisionais polo IVE dos exercicios 2015, 2016 e 2017 e contra os acordos



sancionadores ditados en relación coas liquidacións dos exercicios 2015 e 2016, que o TEAR resolve de forma acumulada ao amparo do artigo 203 da Lei Xeral Tributaria.

A Resolución desestima as alegacións presentadas contra os acordos emitidos pola AEAT, no que se refire a deducibilidade do IVE soportado, e considera non suxeitas a IVE todas aquelas actividades que INCOLSA realiza en cumprimento do seu obxecto social en tanto en canto existe xestión directa dun servizo público de competencia do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, polas que non percibe contraprestación algunha e que se financia mediante subvencións públicas, e estima as alegacións contra os acordos sancionadores iniciados pola AEAT para os exercicios 2015 e 2016 que ascenden a un total de 152.727,42 euros (90.805,20 euros do exercicio 2015 e 61.922,22 euros do exercicio 2016).

Con data 18 de xuño de 2020 recibíronse acordos de execución de Resolución Económico-Administrativa nos que se anulan os expedientes e as liquidacións das sancións, polo que se procedeu no exercicio 2020 a cancelación das estimacións por estes importes (90.805,20 euros do exercicio 2015 e 61.922,22 euros do exercicio 2016), rexistradas en exercicios anteriores, contra patrimonio neto.

Con data 29 de xuño de 2020 o Consello de Administración da Sociedade decidiu presentar recurso de alzada ante o Tribunal Económico Administrativo Central dentro do prazo establecido ao efecto, mantendo os avais formalizados como garantía das liquidacións reclamadas para o exercicio 2015 que de conformidade co artigo 233.8 da Lei Xeral Tributaria suspenden a execución do acto durante a tramitación do procedemento económico-administrativo en todas as súas instancias.

O 9 de xullo de 2020 INCOLSA presentou Recurso de Alzada, ante o TEAC, contra a citada Resolución ditada polo Tribunal Económico-Administrativo, que se encontra pendente de resolución.

*-En relación cos exercicios 2018, 2019 e 2020*

Durante o ano 2018, 2019 e os primeiros tres primeiros trimestres do exercicio 2020 a Sociedade presentou as declaración de IVE seguindo o criterio de deducibilidade mantido pola Axencia Tributaria nas distintas resolucións emitidas para os exercicios 2015, 2016 e 2017, variándoo en base á última recibida en cada momento, xa que non eran homoxéneos, o que supuxo un importe de IVE soportado non deducible de 334.811,62 euros no exercicio 2018 e 300.417,88 euros no exercicio 2019, que figuran rexistrados como gasto na conta de Perdas e Ganancias de cada exercicio.

Trala recepción o 9 de xuño de 2020 da citada Resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia, acordouse na Sesión Ordinaria celebrada polo Consello de Administración de INCOLSA o 3 de decembro de 2020, a aplicación do criterio posto de manifesto na mesma, o que supuxo a rectificación das liquidación de IVA dos exercicios 2019 (1T-2T-3T-4T) e 2020 (1T-2T-3T), e a aplicación tamén deste criterio desde ese momento en tanto non exista un novo pronunciamento do TEAC.

Tales rectificacións supuxeron o rexistro dun importe de IVE soportado non deducible adicional correspondente ao exercicio 2019 por 47.436,66 euros que figura recoñecido contra patrimonio neto, e de 283.275,16 euros de IVE soportado non deducible correspondente ao exercicio 2020 que figura rexistrado como gasto na conta de Perdas e Ganancias do exercicio. Así mesmo, se dotaron no exercicio 2020 os recargos e xuros de demora devengados polas presentacións de declaracións extemporáneas sen requirimento previo por importe de 6.297,49 euros correspondentes ao exercicio 2019 e 2.212,63 euros correspondentes ao exercicio 2020, e no exercicio 2021, 53,04 euros correspondentes ao exercicio 2019.



A compañía ten abertos a Inspección todos os exercicios non prescritos por todos os impostos que lle afectan, excepto o ano 2017 en relación co IVE que xa foi inspeccionado.

## **NOTA 10. SUBVENCIONS, DOAZONS E LEGADOS.**

### **10.1 Subvencions de explotación**

As subvencions de explotación contabilízanse seguindo o criterio de devengo.

Durante o exercicio 2021 foron rexistradas subvencions para o financiamento de gastos específicos por un importe total de 2.665.121,34 euros, das que a totalidade teñen carácter de non reintegrables na data de formulación das contas (Ver Nota 4.12).

Entidade concesionaria	Importe
Concello de Santiago de Compostela (Achegas a sociedades mercantís municipais)	2.485.000,00
Deputación Provincial da Coruña. Financiamento do plan para a mellora da calidade competitividade e actividades turísticas	120.000,00
Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte. Programa "Interreg V B Atlantic Area"	60.121,34
<b>TOTAL</b>	<b>2.665.121,34</b>

Durante o exercicio 2020 foron rexistradas subvencions para o financiamento de gastos específicos por un importe total de 2.649.582,61 euros, das que a totalidade teñen carácter de non reintegrables na data de formulación das contas (Ver Nota 4.12).

Entidade concesionaria	Importe
Concello de Santiago de Compostela (Achegas a sociedades mercantís municipais)	2.485.000,00
Deputación Provincial da Coruña. Financiamento do plan para a mellora da calidade competitividade e actividades turísticas	120.000,00
Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte. Programa "Interreg V B Atlantic Area"	44.582,61
<b>TOTAL</b>	<b>2.649.582,61</b>

### ***Detalle das subvencions non reintegrables rexistradas en 2021:***

#### **Subvencions do Concello de Santiago de Compostela.**

O Concello de Santiago, socio único da Sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2021 dentro da partida 070/43200/44900 a cantidade de 2.485.000,00 euros, para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais.

Por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público que recibe axudas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a axuda municipal percibida en 2021 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

Situación: Cobrado en 2021 o importe íntegro desta achega: 2.485.000,00 euros.

**Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do plan para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas no ano 2020.**

Para o financiamento dos gastos correspondentes ao plan de mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas do exercicio 2021, foi concedida pola Deputación Provincial da Coruña, dentro do seu programa DP0030: Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, unha subvención por importe de 120.000,00 euros. Esta subvención financia o 80% do orzamento total das actuacións recollidas no plan que acompañaba á solicitude, e que ascenden a un total de 150.000,00 euros.

Situación: A 31 de decembro de 2021 atópanse executadas a totalidade das actuacións incluídas no plan. Á data de formulación de contas esta subvención está pendente de xustificación e cobro. A data límite para a presentación da xustificación esténdese ata o 29 de abril de 2022.

En opinión do Consello de Administración da Sociedade cúmprense todos os requisitos establecidos nas bases, polo que se entende que esta subvención ten o carácter de non reintegrable.

**Subvención da Comissão de Coordinación e Desenvolvemento Regional do Norte- Programa "Interreg V B Atlantic Area" para o desenvolvemento do proxecto BODAH**

Esta axuda foi formalizada a través dun Contrato de Subvención asinado con data de abril de 2019 entre a Autoridade de xestión do Espazo Atlántico e INCOLSA como Xefe de Fila. O obxecto da mesma é o financiamento do proxecto BODAH, "Big e Open Data para o desenvolvemento de novos procesos para a xestión do patrimonio atlántico". Este proxecto ten como obxectivo fortalecer un desenvolvemento sustentable máis holístico do turismo e dos fluxos de cidadáns e a redistribución de impactos socioeconómicos grazas ao uso de datos e tecnoloxías intelixentes. INCOLSA actúa como líder dun consorcio do que forman parte outras 7 institucións: Fundación Santa María La Real del Patrimonio Histórico (España), Fomento San Sebastián (España), Universidade Nova de Lisboa – Facultade de Ciencias e Tecnoloxía (Portugal), Université de Pau et des Pays de l'Adour (Francia), Munster Technological University (Irlanda) antes Cork Institute of Technology, Glasgow Caledonian University (Reino Unido) e Bangor University (Reino Unido).

O proxecto tiña unha duración inicial estimada de 33 meses. Trala aprobación da última prórroga solicitada o proxecto estenderase ata o 31 de decembro de 2022, pasando a ter unha duración total estimada de 45 meses. O orzamento de gastos total do proxecto para todos os socios ascende a 1.571.373,00 euros e a subvención total aprobada a 1.178.529,75 euros.

O orzamento total de gastos a desenvolver por INCOLSA ao longo de toda a vida do proxecto ascende a 247.400,00 euros e a subvención total concedida a 185.550,00 euros.

O gastos imputables ao proxecto en 2021 ascenderon a 80.161,79 euros, o que determina un importe total de subvención a rexistrar en 2021, de 60.121,34 euros.

Situación: Con data de outubro de 2021 presentouse a 4ª certificación de gastos do proxecto na que se incluíron os gastos executados entre o 01/01/2021 e o 31/07/2021 que foi validada pola Autoridade Nacional con data 10 de xaneiro de 2022. As restantes actuacións executadas entre o 01/08/2021 e o 31/12/2021 serán obxecto de xustificación ao longo de 2022.



Con data de novembro de 2021 a Comissão de Coordinación e Desenvolvemento Regional do Norte fixo efectivo o pago correspondente á 3ª certificación de gastos presentada en marzo de 2021, na que se incluían os gastos correspondentes ao período 01/06/2020 a 31/12/2020, abonando o importe de 30.123,28 euros.

En opinión do Consello de Administración da Sociedade cúmprense todos os requisitos establecidos nas bases, polo que se entende que esta subvención ten o carácter de non reintegrable.

***Detalle das subvencións non reintegrables rexistradas en 2020:***

**Subvencións do Concello de Santiago de Compostela.**

O Concello de Santiago, socio único da Sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2020 dentro da partida 070/43200/44900 a cantidade de 2.485.000,00 euros, para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais.

Por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público que recibe axudas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a axuda municipal percibida en 2020 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

Situación: Cobrado en 2020 o importe íntegro desta achega: 2.485.000,00 euros.

**Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do plan para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas no ano 2020.**

Para o financiamento dos gastos correspondentes ao plan de mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas do exercicio 2020, foi concedida pola Deputación Provincial da Coruña, dentro do seu programa DP0030: Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, unha subvención por importe de 120.000,00 euros. Esta subvención financia o 80% do orzamento total das actuacións recollidas no plan que acompañaba á solicitude, e que ascenden a un total de 150.000,00 euros.

Situación: A 31 de decembro de 2020 atopábanse executadas a totalidade das actuacións incluídas no plan. Con data 23 de abril de 2021 foi presentada a correspondente xustificación. Con data 21 de xullo de 2021 a Deputación Provincial emitiu a Resolución pola que se aprobaba a conta xustificativa presentada e o pagamento da totalidade da subvención concedida, isto é, 120.000,00 euros. Dito importe foi abonado a INCOLSA con data 28 de xullo de 2021.

**Subvención da Comissão de Coordinación e Desenvolvemento Regional do Norte- Programa "Interreg V B Atlantic Area" para o desenvolvemento do Proxecto BODAH**

Esta axuda foi formalizada a través dun Contrato de Subvención asinado con data de abril de 2019 entre a Autoridade de xestión do Espazo Atlántico e INCOLSA como Xefe de Fila. O obxecto da mesma é o financiamento do proxecto BODAH, "Big e Open Data para o desenvolvemento de novos procesos para a xestión do patrimonio atlántico". Este proxecto ten como obxectivo fortalecer un desenvolvemento sustentable máis holístico do turismo e dos fluxos de cidadáns e a redistribución de impactos socioeconómicos grazas ao uso de datos e tecnoloxías intelixentes. INCOLSA actúa como líder dun consorcio do que forman parte outras 7 institucións: Fundación Santa María La Real del

Patrimonio Histórico (España), Fomento San Sebastián (España), Universidade Nova de Lisboa – Facultade de Ciencias e Tecnoloxía (Portugal), Université de Pau et des Pays de l'Adour (Francia), Munster Technological University (Irlanda) antes Cork Institute of Technology, Glasgow Caledonian University (Reino Unido) e Bangor University (Reino Unido).

O proxecto tiña unha duración inicial estimada de 33 meses. Trala aprobación da última prórroga solicitada o proxecto estenderase ata o 31 de decembro de 2022, pasando a ter unha duración total estimada de 45 meses. O orzamento de gastos total do proxecto para todos os socios ascende a 1.571.373,00 euros e a subvención total aprobada a 1.178.529,75 euros.

O orzamento total de gastos a desenvolver por INCOLSA ao longo de toda a vida do proxecto ascende a 247.400,00 euros e a subvención total concedida a 185.550,00 euros.

O gastos imputables ao proxecto en 2020 ascenderon a 59.290,86 euros, o que determina un importe total de subvención a rexistrar en 2020, de 44.468,15 euros. En 2020 rexístrase tamén como ingreso un importe adicional de 114,46 euros correspondente ao axuste das cantidades recoñecidas no exercicio anterior por este concepto.

Situación: Con datas de marzo e xuño de 2020 presentáronse a 1ª e 2ª certificacións de gastos do proxecto, nas que se incluíron o gastos executados dende o inicio do proxecto, 01/04/2019, ata o 31/05/2020. Con datas de agosto e decembro de 2020 a Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte fixo efectivos os pagos correspondentes a ambas certificacións, por importe de 23.624,42 e 14.123,88 euros respectivamente. As restantes actuacións executadas entre o 01/06/2020 e o 31/12/2020 foron obxecto de xustificación, con data de marzo de 2021, na 3ª certificación de gastos do proxecto, que foi validada pola Autoridade Nacional con data 7 de setembro de 2021. A data de formulación está pendente de cobro a subvención correspondente.

## 10.2 Subvencións de capital

Nos exercicios 2021 e 2020 a sociedade non rexistrou ningún importe en concepto de subvencións de capital.

### NOTA 11. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS.

Nos exercicios 2021 e 2020 a Sociedade non realizou transaccións comerciais co seu único socio, o Concello de Santiago de Compostela.

A 31/12/2021 e 31/12/2020 non existen saldos pendentes de cobro derivados de operacións comerciais con partes vinculadas.

Dentro da partida “Débedas comerciais e outras contas a cobrar” do Activo Corrente do Balance non se recollen, a 31 de decembro de 2020 e 2021, débedas do socio único coa Sociedade.

Durante os exercicios 2021 e 2020 non se realizou ningunha operación con entes ou empresas participadas polo socio único.

En 2021 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago, unha subvención por importe de 2.485.000,00 euros recollida no orzamento municipal dentro de partida 070/43200/44900. O importe desta achega, foi cobrado integramente no 2021.



En 2020 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago, unha subvención por importe de 2.485.000,00 euros recollida no orzamento municipal dentro de partida 070/43200/44900. O importe desta achega, foi cobrado integramente no 2020.

O Concello de Santiago de Compostela, socio único, non fixo ningunha encomenda de execución específica a INCOLSA durante os exercicios 2021 e 2020.

No exercicio 2021 recoñecéronse débedas derivadas de dietas por asistencia ás sesións do Consello de Administración por importe de 58,60 euros e no 2020 por importe de 527,38 euros. A totalidade das dietas recoñecidas en 2021 e 2020 foron abonadas antes do peche de cada un dos respectivos exercicios.

Non existen créditos, préstamos ou plans de pensións a favor dos membros do Consello de Administración.

A desagregación dos importes devengados polo persoal de alta dirección nos dous últimos exercicios é o seguinte:

Importes recibidos polo persoal de alta dirección	Exercicio 2021	Exercicio 2020
1. Soldos, dietas e outras remuneracións	70.145,60	67.285,24

As remuneracións percibidas no exercicio 2021 pola persoa con contrato de alta dirección ascenderon a 70.145,60 euros, das cales correspondían a soldos e salarios 69.612,20 euros e a dietas 533,40 euros.

As remuneracións percibidas no exercicio 2020 pola persoa con contrato de alta dirección ascenderon a 67.285,24 euros, das cales correspondían a soldos e salarios 67.071,88 euros e a dietas 213,36 euros.

Os membros do Consello de Administración non informaron de que exista algunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puideran ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

## **NOTA 12. OUTRA INFORMACIÓN.**

O número medio de persoas empregadas no curso do exercicio é o seguinte:

	Exercicio 2021	Exercicio 2020
Total persoal medio do exercicio	19,59	19,61

Incluídas no cadro anterior, a desagregación das persoas empregadas no curso do exercicio con discapacidade maior ou igual ao 33%, é a seguinte:

	Exercicio 2021	Exercicio 2020
Total persoal medio do exercicio	2,00	2,00

Os honorarios devengados polo servizo de auditoría de contas ascenderon nos exercicios 2020 e 2021 a 2.875,00 euros (I.V.E. non incluído).

Non existen acordos que non figuren no balance e sobre os que non se incorporase información na presente memoria.

No exercicio 2021 presentáronse declaracións complementarias do IVE do exercicio 2019 (1T-2T-3T-4T) e do exercicio 2020 (1T-2T-3T), e recibíronse as correspondentes notificacións da AEAT de proposta de liquidación con recargo por presentación extemporánea de declaracións sen requirimento previo. O importe do principal declarado nas citadas declaracións complementarias, e os recargos derivados das mesmas, atópanse recollidos no Balance da sociedade ao peche do exercicio 2020. Apórtase información mais detallada no punto 9 desta Memoria.

#### **NOTA 13. INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE.**

Como consecuencia da natureza da propia actividade a Sociedade durante os dous últimos exercicios non levou a cabo actuacións relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente, non elaborou plans de actuación propiamente ditos co fin de reducir a contaminación atmosférica, nin dispón de provisións para cubrir a realización de actuacións empresariais orientadas ao medio ambiente, por considerar que non son necesarias.

A Sociedade non dispón de ningunha partida que conforme ao establecido na Resolución do 8 de febreiro de 2006 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, deba de rexistrarse dentro do epígrafe do balance correspondente a Inmobilizacións Inmateriais baixo a denominación "*Dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro*".

A 31 de Decembro non existen continxencias relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente.

#### **NOTA 14. INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. "DEBER DE INFORMACIÓN" DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO.**

A información en relación co período medio de pago a provedores en operacións comerciais, é a seguinte:

	Período medio de pago a provedores na data de peche do balance	
	2021	2020
	Días	Días
Período Medio de Pago a Provedores (*)	27	37

\* Determinado segundo a Resolución do 29 de xaneiro do 2016 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas



**PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO**

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA), propón á Xunta Xeral Ordinaria a seguinte distribución de resultados, traspasar os beneficios obtidos no 2021 a Reservas Voluntarias. En 2020 a proposta foi traspasar os beneficios obtidos a Reservas Voluntarias.

<b>BASE DE REPARTO</b>	<b>2021</b>	<b>2020</b>
SALDO DA CONTA PERDAS E GANANCIAS	317.468,52	119.942,57
<b>TOTAL BASE DE REPARTO = TOTAL APLICACIÓN</b>	<b>317.468,52</b>	<b>119.942,57</b>
<b>APLICACIÓN A</b>	<b>2021</b>	<b>2020</b>
RESERVAS VOLUNTARIAS	317.468,52	119.942,57
<b>TOTAL APLICACIÓN = TOTAL BASE DE REPARTO</b>	<b>317.468,52</b>	<b>119.942,57</b>

## DILIXENCIA DE FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2021, ASÍ COMO DA PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2022, formulou as Contas Anuais referidas ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2021. Estas Contas compóñense de Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios do Patrimonio Neto e Memoria, así como a proposta de aplicación do resultado, incluídos no presente documento que se compón de 42 páxinas incluída esta, referidas coa numeración da 1 á 42, escritas nunha soa cara e asinadas cada unha delas polo Sr. Secretario do Consello de Administración D. José Ramón Alonso Fernández, sendo asinada esta dilixencia polos sete membros de dereito do Consello de Administración e o propio Sr. Secretario.

D. José Antonio Sánchez Bugallo



Presidente

D. Gumersindo Guinarte Cabada




Vicepresidente

D<sup>a</sup>. Marta Abal Rodríguez




Vogal

D<sup>a</sup>. María Ángeles Antón  
Vilasánchez



Vogal

D. José Antonio Constenla Ramos



Vogal

D<sup>a</sup>. Marta Irene Lois  
Gonzalez



Vogal

D<sup>a</sup>. María Goretti Sanmartín Rei



Vogal

### DILIXENCIA

D. José Ramón Alonso Fernández, Secretario do Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. certifica que as anteriores firmas dos administradores da Sociedade corresponden aos señores conselleiros e que o presente documento comprende as contas anuais e a proposta de aplicación do resultado de Información e Comunicación Local, S.A., correspondentes ao exercicio 2021, documentación que foi formulada polo Consello de Administración da Sociedade en reunión celebrada a esta data e que se encontra estendido en 42 folios de papel común, escritos a unha soa cara todos eles coa miña rúbrica.

Dilixencia: D<sup>a</sup> Marta Lois González non estivo presente no Consello de Administración de 30.3.22, onde se acordou a formulación das contas anuais do 2021.

O Secretario  
Asdo/José Ramón Alonso Fernández




SANTIAGO DE  
COMPOSTELA